


MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA DAS ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

CURSO 2023-2024



Equipo formado por **Fátima Bodega** do departamento de Música e **Araceli González** de Lingua Galega e Literatura

Durante o curso 2023/2024, ademais do asesoramento en materia lingüística dirixido ao claustro, á Dirección e a todos os membros da comunidade educativa do centro, pretendemos colaborar co Equipo de Biblioteca e con outros departamentos, como se detalla a continuación, nas seguintes actividades co fin de contribuír á dinamización da lingua galega no noso centro.

1º TRIMESTRE

- **16 Outubro, Día das Escritoras.** Biblioteca escolar e EDLG colocan unha liña do tempo desde a antigüidade ata época actual con escritoras e mais uns carteis en A3 sobre as recentes **escritoras galegas premiadas co Premio Nacional de Literatura Dramática e mais o de Poesía polo Ministerio de Cultura e Deporte**, Paula Carballeira e Yolanda Castaño, na planta baixa e na primeira. Pregúntanse nas clases de LGL cuestións sobre esa exposición para que se paren a lela e sexan conscientes da importancia das escritoras premiadas coa obra en galego.



- **Enquisa online** sobre o uso do galego no instituto e os prexuízos sobre esta lingua. Dirixida a alumnado e profesorado. Envíase desde dirección ao claustro e logo a dos alumnos/as aos titores e profesorado TIC para que



levan ao alumnado a INFO 3 para que a fagan. Realízase durante a segunda quincena de outubro. Tras a análise, faranse públicos os resultados.

Enquisa alumnado (non contemplou que hai alumnado que non fala na casa galego ou castelán): <https://forms.gle/EWq7s4aUiLs4ynem9>

Enquisa profesorado (non incluíu por erro o departamento de Relixión Católica): <https://forms.gle/HSnU3XdMV8bG6m5H9>

- **Apadriñamento lingüístico.** Actividade que pretende fornecer un espazo e un tempo onde poder falar galego a rapazada que sabe cos que non saben e non teñen oportunidade na súa vida cotiá. Realízase ao longo do curso durante un recreo á semana e acoden rapazas e rapaces de diversos niveis educativos, nomeadamente de 1º ESO.
- **Divulgación de concursos como...**
 1. **XXII Concurso de relato oral *Tíralle da lingua*.** Inscripción antes do 14 de novembro e envío de vídeos ata o 21. Trata de contar unha historia en menos de 5 minutos. Dúas categorías: 1º, 2º e 3º ESO por un lado e 4º ESO pola outra. Os vídeos ou audios coas contadas deben nomearse co título, autor/a, curso e centro. Premio por valor de 250 euros e de 150 para o segundo.
 2. **III Certame Coreografiate.** Consiste en realizar un coreografía tomando como base un tema musical en galego. No vídeo deberá constar o título e o grupo creador do tema, enviarase en .mp4, .mov ou .avi. Debe enviarse antes do 12 de novembro, cada participante pode presentar ata tres obras. Premio de 300 euros para a mellor coreo e de 200 para a segunda. Tamén hai categoría para os centros de ensino.
 3. **Premios Literarios Minerva 2024.** Veterano concurso de poesía (tres poemas de tema e forma libres) e narración (extensión máxima de tres folios e mínima de dous mecanografados a dobre espazo, tema libre). Prazo de presentación ata o 17 de xaneiro. Premios en cada modalidade de 800, 400 e 250 euros.
- **Obra de teatro “Golfa” no teatro Afundación, sobre acoso entre adolescentes.** Luns 30 de outubro. Dirixida a 1º Bach. (42 alumnos). Transporte en autobús pago polo concello, pola obra cada alumno paga cinco euros. Tras a representación hai un debate.





- **Samaín.** Concurso de contos de medo e de cabazas en colaboración coa biblioteca escolar. Suspendido o concurso de cabazas polo falecemento dunha profesora do noso centro. Contos elaborados nas clases de 1º e 2º ESO a partir das seguintes guías de creación literaria.




<p>A</p> <p>AVELAÍÑA</p> <p>Bolboreta que, se é negra anuncia desgrazas e se é branca anuncia cousas positivas.</p>	<p>B</p> <p>BALURO</p> <p>Tribo mal mirada por exercer artes de engano ou de maxia.</p>	<p>C</p> <p>CANOURO</p> <p>Ser que vive nos campos e provoca pesadelos e insomnio.</p>	<p>D</p> <p>DEMO-NEGRO</p> <p>O peor dos demos. Carrega almas para o inferno. Transfórmase para asustar e provocar a morte</p>
<p>E</p> <p>ESTEADEA</p> <p>Santa Compañía ou procesión de mortos.</p>	<p>F</p> <p>FORCADELA</p> <p>Insecto tamén chamado Cadela de Frade, que perfora o tímpano e causa dor, loucura e morte.</p>	<p>G</p> <p>GUAPO DAS MEDIAS BRANCAS</p> <p>Home que de vivo vestía medias brancas e de morto anuncia a morte das persoas coas que se atopa</p>	<p>H</p> <p>HOME DO SACO</p> <p>Coco para asustar a nenas e nenos. Dise que os mete nun saco que leva.</p>

<p>S</p> <p>SUMICIO</p> <p>Trasno invisible. Fai desaparecer as cousas da casa no momento en que se necesitan.</p>	<p>T</p> <p>TARDO</p> <p>Trasno perverso. Pequeno, verde e con moitos dentes. Odiar a cans e gatos e fai moitas trasnadas. Busca a calor nas casas.</p>	<p>U</p> <p>URCO</p> <p>Can que avisa da morte. Nas noites escuras e de treboada arrástrase polos camiños e ouvea. Sae do mar e volve ao mar.</p>	<p>V</p> <p>VEDOIRA</p> <p>Adiviñadora. Pode ver o invisible, tamén o futuro e os seres doutro mundo.</p>
<p>X</p> <p>XANS</p> <p>Pantasmas de vivos. Son as nosas sombras ou dobres. Ás veces van en procesión.</p>	<p>Z</p> <p>ZUCIO</p> <p>Demo que posúe a unha persoa e cáusalle o Ramo Cativo (doenza causada cando entra nun humano o Demo maior).</p>	<p>A</p> <p>ABECEDARIO DE SERES DOUTRO MUNDO</p> <p>ASOCIACIÓN DO RECICLADO DE DEBRAS MATERIAIS DE CALIDAD MATERIALS OF QUALITY RECYCLING FOR EXCELLENCE</p>	<p>E</p> <p>Equipos de Dinamización do Lingüe Galego</p>

<p>I</p> <p>INORME ENCANTADORA</p> <p>Ellixir ou apócema para espantar as bruxas.</p>	<p>L</p> <p>LUMIA</p> <p>Muller con corpo de dragón que vive en covas ou cerca das fontes ou ríos. Encanta e devora as persoas.</p>	<p>M</p> <p>MAN PELUDA</p> <p>Trasno que adopta a figura dunha man grande e peluda. Afoga as persoas apertándolles a gorrax e causa pesadelos.</p>	<p>N</p> <p>NUBEIRA</p> <p>Ser maligno e resentido que provoca treboadas moi fortes.</p>
<p>O</p> <p>OLLAPARO</p> <p>Xigante antropófago cun só olo. Mol feroz e comellón. Vive en cavernas e nos montes.</p>	<p>P</p> <p>PEPA A LOBA</p> <p>Bandoleira imaxinaria que andou por toda Galicia. Dise que roubaba aos ricos e dáballes aos pobres.</p>	<p>Q</p> <p>QUEIMAVELLAS</p> <p>Persoas que queimaron e coceron unha vella bruxa que tiña aterrizada a veciñanza.</p>	<p>R</p> <p>RALO</p> <p>Alacrán. Insecto imaxinario venenoso. Vive baixo terra, ten cabeza enorme e patas de toupa.</p>





- **Obradoiro de Regueifas** da asociación ORAL de Galicia. Proposto para 3º ESO B e C para realizar no paraninfo, na segunda sesión sumáronse dous alumnos de 4º que rapean. De balde para nós, subvencionado pola Deputación de Pontevedra. Estiveron acompañados pola súa profesora Irene Iturralde.
1ª volta: luns 6 de novembro, monitor Kike Estévez.
2ª volta: venres 10 de novembro ás 12:00.




- **14N Día da Diabetes.** Exposición sobre o exceso de azucre que adoitamos inxerir nos alimentos e charla da asociación ANEDIA Galicia sobre a diabetes. Ademais o instituto, coa colaboración da ANPA, ofrece froita (mazás e mandarinas) ao alumnado no recreo para promover os hábitos alimenticios saudables. Preparamos lazos azuis para repartir, símbolo de solidariedade cos enfermos desta doenza.






- **Correlingua fase 1, obradoiro “Desata a lingua” con María Lado para 1º ESO C.** Ten como finalidade propoñer slogans para o Correlingua de maio 2024. Tivo lugar o 21 de novembro ás 12.30h. Precisaron folios, bolígrafos, pegamento en barra, 6 cartulinas 50x60.



25N Día Internacional contra a Violencia de Xénero: Exposición de eslogans contra a violencia de xénero, noticias e mais un violentómetro.





- Visita á exposición polo centenario do **Seminario de Estudos Galegos “Luz na terra”** no Centro Gaiás en Santiago, ao Museo do Pobo Galego e ao Panteón de Galegos Ilustres. Excursión dirixida a 2º BAC. Pagan seis euros por alumno para o autobús, o resto é subvencionado polo EDLG e o departamento de LGL. Van 70 alumnos de diúrno e nocturno con catro profesores (Montse, Tamara, Rubén e Araceli).



- Participación na escolla da **Palabra do Ano 2023** promovida desde o Portal das Palabras coa colaboración da RAG. O alumnado votou na aula por medio dos seus teléfonos móbiles entre as seis palabras finalistas. A palabra do Ano escollida foi **cibercarracho** (<https://academia.gal/-/cibercarracho-a-palabra-do-ano-2023>).
- Co gallo do **centenario do Real Club Celta**, os departamentos de Ed. Física, Lingua Galega e Literatura e Música organizaron unha actividade para o derradeiro día do trimestre onde alumnas de ximnasia rítmica de 1º ESO realizaron unha coreografía seguindo a música do himno composto por CTangana para o equipo de fútbol da nosa cidade, mentres o resto do alumnado e profesorado as vía e cantaba a canción. O evento foi publicado nos xornais da cidade. Previamente todo o alumnado do centro preparou unha ficha nas clases de LGL para traballar o léxico deportivo do fútbol relacionado co tema Oliveira dos cen anos e do Celta.






• A vicedirección do centro elaborou unha **postal de felicitación** que enviou por correo electrónico a todo o profesorado e publicou nas redes sociais do instituto e na páxina web.



2º TRIMESTRE

• Impresión e distribución polo centro do **Calendario científico escolar 2023 do CSIC** en galego.

• **Campaña de dinamización lingüística *Aquí tamén se fala galego***. Participación do noso centro na campaña de dinamización lingüística da mocidade galega xurdida no IES Rafael Dieste da Coruña e seguida por máis de 170 centros educativos de toda Galicia. Imprímense 250 cartaces para repartir en comercios da cidade. Tamén participan personalidades de sona do mundo da música ou da escena que apoian a campaña a través de vídeos (Wöyza, Santi Prego, Loita Amada...). Estes vídeos e mais as imaxes dos cartaces nos establecementos son difundidos nas redes sociais do instituto baixo o cancelo **#aquítaménsefala**.





- **Colaboración na radio Proxecto Neo** do IES Perdouro de Burela. Alumnado de 1º bacharelato prepara unha crónica sobre a participación do noso centro na campaña *#Aquí tamén se fala* e sobre o concurso *O galego que nos arrodea*. A gravación sae no [programa 407](#).



- **30X Día da Ilustración.** Continuamos coa subscripción á revista de banda deseñada *O Papagaio* para a biblioteca escolar. O alumnado de 1º Bacharelato prepara unha ficha sobre o autor a quen se lle dedica este día en Galicia: Chichi Campos.
- **30X Día da Paz:** Exposición sobre a Primeira Grande Guerra. Actividade promovida polo profesorado do departamento de Xeografía e Historia co seu alumnado de ESO e Bacharelato. Alfabeto da Paz elaborado por alumnado de 2º ESO.




- **Entroido.** Ordes do Meco e venres con concurso de doces e disfraces. Desfile alumnado e profesorado, este ano disfrazado de sufraxistas.






• **14F Día do Amor:** muro para colocar frases de amor e amizade. Biblioteca escolar.

• **23F Día de Rosalía:** Sumámonos ás actividades propostas desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Ademais realizamos un recitado de poemas de Rosalía de Castro no que participaron alumnado da ESO e bacharelato e mais profesorado de diversas materias.






- **Semana da prensa** (do 4 ao 8 de marzo): Exposición de xornais do mundo en colaboración coa biblioteca. Traballo nas aulas de todos os niveis educativos con xornais dixitais e físicos en galego.

- **8M Día Internacional da Muller:** Exposición no centro dunha selección de libros escritos por mulleres. Realización dunha ficha sobre a orixe desta efeméride e análise das súas reivindicacións.



- **Obradoiro Didáctico de Regueifa Igualdade** (20 de marzo) destinado ao alumnado de 2º ESO.







- Charla “O galego nas redes sociais” por parte de Borxa González, creador da web *Orgullo Galego*, presente en varias redes sociais. Actividade dirixida a 4º ESO.



- 21M Día da Poesía: a poeta Silvia Penas deu un recital de poesía no paraninfo onde a súa voz se combinaba con elementos audiovisuais.



• **Charla “Benvidos ao Plástico”** da doutora en Bioloxía pola USC Zulema Varela enmarcada no programa A Ponte para a divulgación das diferentes materias e investigacións que realiza a USC. Tivo lugar no paraninfo do instituto o 22 de marzo para 1º de Bacharelato.



• **Concurso “O galego que nos arrodea”** dirixido a todo o alumnado. Consiste en enviar unha mensaxe con cinco imaxes ao correo dinamizacióngalego@iessantarirene.es. Nelas deben aparecer textos en galego que encontremos na rúa (nomes de rúas, anuncios de calquera tipo e en calquera soporte, nomes de comercios, restaurantes, películas etc., todo o que estea escrito en galego na rúa pode formar parte das nosas imaxes). Preténdese que o alumnado sexa consciente do galego escrito que hai na nosa contorna.

Sorteo de premios entre os participantes: vales para comprar na librería Sousa da avenida de Castrelos, na Librería Nobel Gran Vía e na cafetería do instituto.

Exposición das imaxes en color enviadas polo alumnado participante.



3º TRIMESTRE


• **1A Día das Belas Artes**, este ano dedicado a Francisco Asorey. Exposición con imaxes das esculturas do cambadés en Vigo e doutras obras representativas para a divulgación da figura do insigne escultor galego. O alumnado de 1º bacharelato




preparou unha ficha cunha semblanza da vida do cambadés, a reseña das súas obras representativas, entre elas “ A Santa”, e mais a obra en Vigo do insigne escultor.



- **12A Concentración Paremos o masacre en Palestina.** Concentración nos centros de ensino en solidariedade co pobo palestino, especialmente cos menores, máis de quince mil inocentes falecidos inxustamente polos ataques israelís. No noso centro varios profesores e grupos de alumnos se concentraron ás doce da mañá e leron o poema “Debilidade” escrito por Luisa Villalta, a homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.



- **23A Semana do Libro:** Exposición de libros da biblioteca do noso centro. Colaboración coa biblioteca cos departamentos de LCL e LGL. Entre todos os departamentos de lingua tamén se organizou unha lectura de obras senlleiras da literatura inglesa, francesa, española, galega, latina e grega nas linguas orixinais. Participou alumnado de todos os niveis educativos. Realizouse durante os recreos no paraninfo.






- **Exposición sobre as MIGRACIONES.** Trátase dunha actividade que pretende concienciar de que as migracións son fenómenos que afectan a todos os pobos ao longo da historia. Cada alumno debe investigar sobre as migracións na súa familia: campo-cidade, de Galicia a outros lugares de España ou a outros países, de Europa ou América. Toda a información será volcará en fichas coas que se prepara unha exposición. O profesorado tamén participou achegando historias de emigración na súa familia.



- **17M Semana das Letras Galegas:** Exposición dos cartéis conmemorativos do Día das Letras Galegas dedicado a Luísa Villalta. O alumnado de 1º BAC vai preparar unha ficha sobre a autora que deberán resolver os compañeiros e compañeiras da ESO mentres visitan a exposición.



- 15M **Excursión a Celanova** para 3º ESO. Visita guiada á igrexa do mosteiro de San Rosendo, onde a profesora Marisol Mendive dá unha clase maxistral de órgano de tubos e o noso alumnado a acompaña cos xilófonos; un roteiro literario con guía da oficina de turismo de Celanova sobre Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, Casa dos Poetas e instituto para ver a súa biblioteca e visita a Vilanova dos Infantes. Organiza o departamento de Música e colabora LGL e EDLG.



• **23M Correlingua 2ª fase:** participación na festa pola lingua do alumnado de 1º ESO que acudiu á concentración na praza do Rei e logo ao parque de Castrelos acompañados por cinco profesores. Alí asistiron ao concerto de *Quinta Xusta*.



• **10X. Cine As Neves.** Saída ao cine Tamberlick para ver a película galega estreada en maio *As Neves*. Actividade á que asiste alumnado de 1º bacharelato, 4ºESO de filosofía e agrupamento de LGL de 2ºESO.



- **17X. Xornada de xogos de mesa con Brazolinda.** Xogos de mesa en galego que requiren coñecementos específicos de matemáticas, lingua, mitoloxía, xestión de recursos, xestión das emocións e outras habilidades. Pasaron a xogar durante unha sesión 1º e 2º ESO.




Outras actividades que se levaron a cabo no noso centro e se desenvolveron en galego, foron:

- . Copistas medievais. Actividade realizada polo alumnado de 1º ESO guiados polo profesor José Antonio Puras.



- Actividade e tarefas diversas promovidas polos departamentos de Xeografía e Historia e mais desde a Biblioteca Escolar como os clubs de lectura.

- **Actividade de Educación Física.** Charla con dous deportistas Soledad Castro e Manuel Rosales sobre atletismo. Marzo 2024.



- **Actividades da Escola de Pais** sobre temas como o Acoso e o ciberacoso,.... Desenvolvéronse de febreiro a xuño.



Vigo, 21 de xuño de 2024

Araceli González Andrade

Coordinadora EDLG

Co visto e prace de

Javier Folgado Novoa



Director do IES Santa Irene



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**